



Concello de Ribeira de Piquín

DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 22 de xuño de 2022.

Asunto: Lista definitiva de admitidos do proceso selectivo para a contratación de dous (2) peóns forestais, persoal laboral temporal, para os traballos mecanizados de prevención e defensa contra incendios forestais, mediante concurso-oposición, a xornada completa (100%), cunha duración de tres (3) meses.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

De conformidade co expediente de provisión de dous (2) peóns forestais, persoal laboral temporal, para os traballos mecanizados de prevención e defensa contra incendios, a xornada completa (100%), cunha duración de tres (3) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas en Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2022, e publicada a convocatoria no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 136, do 15 de xuño de 2022.

Vistas as solicitudes presentadas polos aspirantes, considerando que todas elas cumpren o requisito de ter presentada a documentación xeral esixida nas Bases, polo que non procede requirir a subsanación de ningún defecto, e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
PÉREZ MÉNDEZ ALBERTO	33.548.254-V	SI
LORIGADOS RAMALLAL JOSE	76.578.566-C	NON
PÉREZ CARREIRA MIGUEL	33.544.135-S	SI

LISTA DEFINITIVA DE EXCLUÍDOS: NINGUÉN.

SEGUNDO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidenta: Dna. Pilar Tella Mazoy, Administrativa do concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:





Concello de Ribeira de Piquín

Dna. Marta Lodeiro Vilar, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Riotorto (Lugo).

Dna. Soledad Domínguez Fernández, Administradora do Obradoiro de Emprego do Concello de Ribeira de Piquín.

Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretario: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o xoves 30 de xuño de 2022, ás 12:00 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

TERCEIRO.- Convocar aos aspirantes que non acreditaron o coñecemento do idioma galego para realizar a proba escrita correspondente, ás 12:30 horas do día 30 de xuño de 2022.

CUARTO.- Convocar aos aspirantes do citado proceso selectivo para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 13:00 horas do día 30 de xuño de 2022. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederase seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 22 de xuño de 2022.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

